



LISTA DE ASISTENTES

Barreiro Alonso, Enrique
 Cid Fernández, Xose Manuel
 Castro Oliva, Manuel
 Cid Fernández, Xosé Manuel
 Cidrás Pidre, José
 De Vicente Remesal, Javier
 Docampo Amoedo, Domingo
 Durany Castrillo, José
 Estévez Toranzo, Margarita
 Fernández Álvarez, Antón
 Fernández Saborido, Anxo Manuel
 Gil Villanueva, José M^a
 Gómez Gude, Jorge Juan
 González Piñeiro, Luis
 Gueimonde Canto, Ana Isabel
 Hernández Sánchez, Jesús
 Iglesias Galán, M^a Hilda
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Legido Soto, José Luis
 Martínez Cobas, Xavier
 Mazaira Castro, Andrés
 Membiela Iglesia, Pedro
 Méndez Franco, Óscar
 Nombela Castaño, Miguel Ángel
 Pajares Domínguez, Sergio
 Pita Grandal, Ana M^a
 Pousada Carballo, José M^a
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rey García, Daniel
 Rodríguez Fuentes, Gustavo
 Sánchez Bello, Patricio A.
 Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
 Sueiro Justel, Joaquín
 Varasa Paredes, Javier
 Vázquez López, Ezequiel M.

DESCULPAN ASISTENCIA:

Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 Fandiño Alonso, Xaime
 Rivó López, Elena

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 16 de marzo de dous mil seis, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñaría de Telecomunicación

O xoves, día 16 de marzo de 2006, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 26 de xaneiro de 2006.
2. Informe do reitor.
3. Convocatoria de axudas á investigación ano 2006.
4. Aprobación, se procede, da separación da titulación propia de Graduado Universitario en Ciencias Policiais e Detective Privado en dúas titulacións propias independentes e da modificación dos planos de estudo correspondentes.
5. Asuntos de profesorado:
 - Comisións de servizo.
 - Renovación, se procede, do acordo de transformación de profesores PP1 en asociados T2TC para o curso 2006-07.
 - Aprobación, se procede, da delegación na COAP da aprobación do POD e do concurso de profesorado contratado para o curso 2006-07.
 - Renovación da normativa reguladora dos procedementos de selección do profesorado contratado para o curso 2006-07.
6. Aprobación, se procede, da relación de postos de traballo dos funcionarios de administración e servizos con efectos do 1 de outubro de 2006.
7. Aprobación, se procede, da Normativa de uso dos recursos informáticos e redes da Universidade de Vigo.
8. Aprobación, se procede, do apoio loxístico, institucional e económico aos candidatos a reitor.
9. Aprobación, se procede, da fórmula de cálculo dos custos indirectos da Universidade de Vigo.
10. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.
11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio específico de colaboración coa Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Real Academia Galega – Convenio específico de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e o Consello da Cultura Galega – Convenio

específico de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e o “Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades – Convenio específico de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña.

12. Rogos e preguntas

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 26 de xaneiro de 2006.

Apróbase por asentimento.

Punto 2.- Informe do reitor.

O reitor informa do seguinte:

- Están convocadas as eleccións a reitor, claustro universitario e representantes nos Consellos de Departamento (por R.R. de data 1 de marzo). Toda a información sobre as mesmas está publicada nos taboleiros electorais dos centros e na páxina web. Farase unha campaña institucional para convidar á participación.

- Da entrega da Medalla de Ouro da universidade á Fundación Pedro Barrié de la Maza o día 24 de marzo, venres, ás 12:00 horas no salón de actos da E.T.S. de Enxeñaría Industrial, acto ao que convida a todos os membros do Consello de Goberno.

- Da incorporación do novo membro do consello de Goberno, D. José García Lores, representante do Consello Social en substitución de D. Guillermo Antonio Meijón Couelo.

- Das seguintes invitacións a participar con voz pero sen voto no punto 6 deste Consello de Goberno:

D. Xoán M. Cebro Rodríguez (Presidente da Xunta de persoal funcionario de administración e servizos).

D. José Andrés Zapiraín (sección sindical FETE-UGT).

D. Manuel Velasco Graña (Coordinador sección sindical CC OO).

D. David Basalo Domínguez (delegado sección sindical CIG).

Dona Ángeles Carballo González (Coordinadora da Secretaría Xeral).

D. Antonio Rotea Villanueva (Xefe do Servizo de xestión de persoal, nóminas e seguros sociais).

D. José M. Fernández Viña (Xefe do Servizo de recursos humanos).

- Do acordo acadado o pasado martes na comisión externa para a renovación do actual catálogo de títulos (relación e calendario) (fai entrega aos membros do Consello de Goberno copia da acta da xuntanza).

O acordo contén en primeiro lugar os principios xerais que deben rexer no deseño dos planos de estudo dos títulos oficiais e a continuación os títulos que van ser estudados nos vindeiros meses e o calendario. En outubro de 2007 haberá unha revisión final de todo e nese momento sería obxecto de debate algunha cuestión que quedara fóra.

Destaca que no último prazo (febreiro 2007-outubro 2007) figura a titulación de Ciencias do Mar polo que se disipan as dúbidas xeradas arredor da mesma.

En relación coas ensinanzas que figuran no primeiro prazo (outubro 2005-febreiro 2006), na maioría xa están as directrices xerais en prazo de emendas ou a punto de rematar. As dos títulos de Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, Economía e Dereito aínda non saíron, as das enxeñarías están pendentes da elaboración duns contidos comúns que terán os másters e as das titulacións de Ciencias da Saúde espera estean entregadas no mes de abril.

Como o prazo de presentación de emendas é de 20 días propón que llas entreguen a el xa que é membro da comisión e as fará chegar ao seu destino.

Lembra que na web estase colocando toda a información que chega do Consejo de Coordinación universitaria.

- Da non inclusión na orde do día da elección a postos vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno xa que nestes momentos non merece a pena por estar convocadas as eleccións xerais.

Punto 3.- Convocatoria de axudas á investigación ano 2006.

O vicerreitor de investigación informa dos cambios máis salientables en relación coa convocatoria do ano 2005:

- Incrementábase o presuposto nun 20% distribuído do xeito seguinte:
 - Axudas a grupos de investigación nun 43,2%.
 - Axudas á mobilidade de investigadores nun 16,72%.
 - Bolsas predoutorais nun 21,2%.
 - Etc.
- Inclúese un novo programa para favorecer agrupamentos de grupos consolidados e grupos en formación.
- Desaparece o programa de axuda ao cofinanciamento de contratos “Ramon y Cajal” porque se traslada ao capítulo 1, quedando reflectida esta axuda sobre os grupos a través dun contrato-programa de “Persoal doutor adscrito ao grupo” de 5 anos de duración.

Entre outros cambios está a inclusión no sector de profesores numerarios o de profesor contratado doutor, a extensión das axudas a laboratorios a condición de “laboratorios con recoñecemento de organismos oficiais” para aumentar a oferta dos equipamentos dos novos laboratorios, etc.

Intervén o profesor Legido para indicar que a convocatoria sae un pouco tarde e que quizais debería saír a primeiros de ano. Non lle queda claro se se van potenciar os grupos grandes ou pequenos, considera que se debería fomentar a existencia de grupos consolidados e poñer as bases para que aqueles investigadores que queiran formar unha nova liña de investigación o poidan facer.

Finalmente di que bota en falta a convocatoria de cofinanciamento para completar proxectos concedidos na convocatoria que fai a Xunta pero que aínda non saíu este ano.

O vicerreitor de investigación aclara que a convocatoria sae na mesma data que en anos anteriores e cre que é a data normal despois de ter aprobados os presupostos. En relación cos

grupos de investigación considera que sería preciso facer un cambio profundo para o que sería necesario ter un amplo debate pero que quizais non é o momento oportuno polo que se buscou unha saída intermedia para ir paliando o problema. Respecto ao último tema hai o compromiso de sacalo unha vez que salga a convocatoria da Xunta.

O Sr. Fernández Saborido propón que as bolsas predoutorais se repartan por igual entre as áreas de coñecemento e no caso de que non se cubra o cupo se reparta entre o resto dos solicitantes en base aos méritos.

O vicerreitor di que o problema está principalmente no número e no expediente dos solicitantes e a comisión non está pechada a facer unha cuota mínima pero considera que deben esixir un nivel académico mínimo por iso se incluíu como requisito o ter unha nota media de expediente académico superior ou igual á nota media da súa titulación.

O reitor propón facer chegar á comisión de investigación a mensaxe de que se trate de corrixir desigualdades sempre que haxa candidatos que cumpran os requisitos esixidos pero sen poñer números.

A continuación realízase a votación sobre este punto:

Votos a favor da convocatoria proposta	24
Votos en contra	0
Abstencións	6

Apróbase a convocatoria de axudas á investigación para o ano 2006.

Punto 4.- Aprobación, se procede, da separación da titulación propia de Graduado Universitario en Ciencias Policiais e Detective Privado en dúas titulacións propias independentes e da modificación dos planos de estudo correspondentes

O vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente explicou que a proposta da separación responde a unha solicitude da Xunta de Galicia para manter o convenio inicial de financiamento coa administración galega xa que a titulación de Ciencias Políticas sería tida en conta dentro das oposicións da Policía Autonómica.

Esta separación leva consigo uns cambios mínimos que afectan so a tres materias do terceiro curso e ao proxecto fin de carreira.

O Sr. Fernández Saborido pregunta polas áreas de coñecemento ás que están encargadas as socioloxías de primeiro e segundo curso.

O vicerreitor di que o plano de estudos está na web e alí figuran as áreas ás que está adscrita cada materia.

O profesor Ramos, ao igual que o ano pasado, insiste en que a universidade debería ter un marco xenérico no que se deberían enmarcar todas estas titulacións propias xa que se crea unha certa confusión.

O vicerreitor di que no deseño da titulación os créditos están considerados como créditos ECTS e intentouse asemillar, na medida do posible, á estrutura do EEES. En relación co nome o que se fixo foi copiar o que utilizan o 90% das universidades españolas para os títulos propios.

Apróbase a separación por asentimento.

13. Punto 5.- Asuntos de profesorado:

- Comisións de servizo.
- Renovación, se procede, do acordo de transformación de profesores PP1 en asociados T2TC para o curso 2006-07.
- Aprobación, se procede, da delegación na COAP da aprobación do POD e do concurso de profesorado contratado para o curso 2006-07.
- Renovación da normativa reguladora dos procedementos de selección do profesorado contratado para o curso 2006-07.

Abórdanse os diferentes apartados por separado.

• **Comisións de servizo:** A vicerreitora de organización académica e profesorado informa de dúas solicitudes: a do profesor Pablo Serret Ituarte, profesor TU da área de Ecoloxía, para a súa incorporación á Xunta de Galicia como Subdirector Xeral do Centro de Investigación e Información e a do profesor Antón Fernández Álvarez, profesor TEU da área de Filosofía, para ocupar a Xefatura de Servizos de Apoio e Innovación Empresarial na Dirección Xeral de I+D+i correspondente á Consellería de Industria.

A documentación está completa agás no segundo caso no que hai un informe do Director do Departamento pero falta o informe favorable do consello de Departamento que se vai reunir nos próximos días polo que se propón a aprobación supeditada á chegada do informe.

Apróbanse por asentimento ambas comisións a expensas do informe do Consello de Departamento no segundo caso.

• A renovación do acordo de transformación de propios PPI en asociado T2TC contratados, é o mesmo de todos os anos pero que cada vez afecta a un colectivo menos numeroso.

Apróbase por asentimento. (Anexo I)

• Pide ao igual que os outros anos, a delegación na COAP a aprobación do POD e do concurso de profesorado contratado para o curso 2006-07.

Apróbase por asentimento.

• Así mesmo solicita se prorrogue para o curso 2006-07 a normativa reguladora dos procedementos de selección do profesorado contratado para o curso 2006-07.

Apróbase por asentimento.

O profesor Legido quere facer constar o agradecemento á vicerreitora e á COAP ó esforzo para ter tan rápido o POD para o curso próximo.

O reitor informa de que debido á marcha do profeso Antón Fernández, as competencias do vicerreitorado de titulacións, posgrao e formación permanente quedan delegadas na vicerreitora de organización académica e profesorado, xa que por dous meses non merece a pena nomear outra persoa para ocupar esa vicerreitoría.

Punto 6.- Aprobación, se procede, da relación de postos de traballo dos funcionarios de administración e servizos con efectos do 1 de outubro de 2006.

Informa o Sr. Xerente que ao longo do ano 2005 impulsou un dilatado, participado e transparente proceso negociador que concluíu en xaneiro de 2006 nun acordo que comprende os procesos de promocións internas e carreira profesional para os próximos tres anos así como unha nova RPT do PAS funcionario que figura na documentación enviada e que se somete á aprobación deste Consello de Goberno.

Agradece a vontade negociadora manifestada polo órgano de representación do PAS funcionario ao longo dun proceso largo e complexo e en ocasións tenso, e a continuación pasa a salientar as principais novidades:

- * O reforzamento e especialización funcional das unidades xestoras dos recursos humanos atendendo así a unha reivindicación longamente manifestada como imprescindible para avanzar na calidade e eficacia da xestión do persoal tanto PDI como PAS.
- * A dotación de estruturas orgánicas no servizo de alumnado consideradas esenciais para adaptar a xestión académica e de alumnos aos retos da integración no EEES.
- * A aposta pola profesionalización da Secretaría Xeral na que se desenvolven cometidos esencialmente técnico-administrativos e que en consonancia co perfil demandado polo artigo 22 da LOU proponse a creación dun posto de vicesecretario xeral adscrito ao grupo A e reservada a súa provisión por Licenciados en Dereito.
- * A creación dunha unidade de estudos e programas que en dependencia funcional directa do xerente forneza a este dos estudos e informes sobre planos de promoción e carreira profesional, cargas e avaliación dos postos de traballo, melloras procedimentais, necesidades de novos recursos técnicos, materiais ou tecnolóxicos, etc. e que deben contribuír a motivar e xustificar suficientemente con criterios e datos obxectivos as medidas que de tipo organizativo ou de expansión do cadro de persoal debemos acometer no futuro.
- * Finalmente, e en base a datos referidos ao curso 2004/05 xéranse neste momento catro novos postos de secretaría de departamentos para dotar en exclusiva dun secretario a departamentos que nos últimos anos experimentaron un forte crecemento no seu PDI.

Remata manifestando que as medidas adoptadas na RPT que se propón van contribuír a mellorar a calidade e eficacia dos servizos afectados así como o grao de satisfacción dos seus usuarios e que neste empeño de mellora lle acompaña a Xunta de Persoal como lexítimo e único interlocutor válido e legal dos funcionarios de administración e servizos.

Ábrese un turno de intervencións:

O Sr. Pajares destaca a vontade negociadora da xerencia durante a elaboración da RPT,

o documento que se propón é o resultado da negociación entre a xunta de persoal funcionario e o xerente e permitirá impulsar e mellorar a xestión ademais de recoller unha serie de reclamacións históricas. Durante o proceso de negociación a xunta de persoal fixo máis de sete asembleas informativas, CC OO ausentouse da mesa negociadora e non participou nas asembleas que era o lugar para presentar as súas reclamacións, por ese motivo non lle parece oportuno que se intente deslaxitar este acordo que acadou o apoio da xunta de persoal, así como o apoio indirecto á vista do resultado das eleccións sindicais que tiveron lugar fai uns días.

A señora Hilda Iglesias di que vota en falta máis información e sobre todo os datos que lle permitan comparar entre esta RPT proposta e a RPT actual. Sinala que lle gustaría que figurara a oferta que se ten previsto sacar ao exterior e pregunta por qué non figura na RPT o persoal eventual. Así mesmo, e segundo figura no artigo 116 dos estatutos da Universidade de Vigo, é necesario un informe do Consello Social previo á aprobación da RPT polo Consello de Goberno polo que non ve a presa de ter que aprobalas hoxe tendo en conta que non se vai a aplicar ata outubro de 2006.

O xerente contesta que o incremento neto de postos é de 18 e que a oferta pública non é obxecto desta orde do día. Sobre o persoal eventual di que a Universidade de Vigo leva 16 anos sen RPT deste persoal posiblemente porque a esixencia legal da existencia desta relación é discutible, e en relación co consello Social entende que debe ser informado sobre a aprobación desta RPT.

O reitor di que despois da lectura do artigo 116 dos estatutos, dedúcese que a aprobación da RPT debe ser temporalmente logo dun informe do Consello Social, cre que o mellor que pode facer o Consello de Goberno é cumprir os estatutos pero considera que o debate pode continuar e mesmo o Consello de Goberno pódese pronunciar sobre a RPT polo que propón continuar e ao final volveremos a tocar este tema.

O Sr. Barreiro pregunta polo criterio que se aplica para asignar postos base a un centro, se existe algunha política de reasignación dos recursos humanos e se hai que aprobalas coa RPT ou se se pode facer despois.

O xerente di que no campus de Ourense preténdese que a través da vicexerencia creada se revitalicen e reorganicen os recursos alí existentes. O debate sobre a administración periférica de centros e campus será obxecto das próximas RPTs.

O Sr. David Basalo intervén en nome da sección sindical da CIG funcionarios e manifesta o agradecemento da xunta de persoal pola claridade das negociacións coa xerencia e pola disponibilidad da mesma. Di que esta RPT foi aprobada polas asembleas de Vigo, Ourense e Pontevedra. Remata a intervención solicitando ao consello de Goberno que aprobe esta RPT e agradece ao equipo de goberno o clima de diálogo entre a xunta de persoal e o xerente.

O Sr. Beloso intervén en nome da sección sindical FETE-UGT apoiando esta proposta porque seguiu os cauces legalmente establecidos. Agradece á xerencia o seu esforzo presentando propostas e aínda que o informe do Consello Social teña que ser previo, pide que o Consello de Goberno aprobe esta proposta condicionada ao informe do Consello Social.

O Sr. Manuel Velasco, coordinador da sección sindical de CC OO fai unha intervención que se recolle no Anexo II.

O Sr. Antonio Rotea, Xefe do Servizo de Xestión de Persoal, Nóminas e Seguros Sociais, le en primeiro lugar un escrito enviado pola Xefa de Servizo de Investigación, Dona Ángeles Hermida, no que se manifesta en contra desta RPT, e a continuación fai unha relación dos xefes de servizo e xefes de sección que o acompañan.

Di que o artigo 116 dos estatutos di claramente que a proposta ten que vir ao Consello de Goberno logo do informe do Consello Social. Así mesmo indica que xa foron convocadas as eleccións a reitor con data 1 de marzo polo que considera que este equipo está en funcións e non debería traer temas deste calado ao Consello de Goberno.

Despois de facer historia sobre outras RPTs e ler algunhas actas de Xuntas de Goberno nas que se trataron diferentes RPTs, maniféstase en contra desta RPT por varios motivos: non trae motivación, hai indefensión do persoal afectado xa que se suprimen postos de traballo sen que estea prevista a solución para eses funcionarios, hai discriminación, persecución e acoso a unha funcionaria que está ocupando o posto de Coordinadora da Secretaría Xeral xa que se suprime o seu posto e aínda que se crea outro de Vicesecretario Xeral, a devandita funcionaria non ten a titulación que se esixe polo que non ten posibilidades de optar a ese posto.

Finalmente reclama a transparencia que o reitor ofreceu no último claustro e solicita que se retire este punto da orde do día e que se complete o documento.

A Sra. Ángeles Carballo, Coordinadora da Secretaría Xeral, fai unha intervención que se recolle no Anexo III.

A intervención do Sr. Fernández Viña, Xefe do Servizo de Recursos Humanos, recóllese no Anexo IV.

O Sr. Cebro intervén en nome da xunta de persoal funcionario, comeza felicitando ao reitor polos oito anos de goberno. Di que este acordo se negociou, se fixo público e se tratou en moitas asembleas polo que é totalmente válido, este Consello de Goberno pode aprobar esta RPT quedando o acordo supeditado ao informe do Consello social. Indica que o documento que se presenta hai que aprobalo no seu conxunto sen modificacións xa que houbo tempo suficiente nas asembleas para propoñelas e discutilas. Fai un repaso na historia da elaboración desta RPT e das modificacións principais en relación coa RPT actual e sinala que hai un compromiso da xerencia coa xunta de persoal sobre o tema das adscricións. Remata dicindo que este Consello de Goberno so ten que aprobar ou non o documento presentado.

Rematado o primeiro turno de intervencións o reitor fala en nome do equipo de goberno, que aínda que agora estea ao final do mandato dende o primeiro día procurou facer as cousas ben e dentro da legalidade. O equipo de goberno non negocia xa que non é a súa función, os procesos de negociación teñen uns cauces específicos, isto non quere dicir que o equipo de goberno non intente crear un clima para que haxa un mellor entendemento e polo tanto facilitar o proceso de negociación entre os que teñen que levar a cabo o mesmo e gustaríanos que o PAS sexa eficaz e se encontre a gusto traballando con incentivos e que non haxa grandes avatares cada vez que cambie o equipo.

Remata insistindo que o equipo non trae aquí unha RPT pero tratou de facilitar o diálogo polo que se sinte responsable do documento que presenta o xerente e o asume.

Intervén o xerente para insistir en que os axentes do proceso negociador están definidos nos Estatutos da Universidade de Vigo e que cada proposta e iniciativa que se suscitaba desde a xerencia á xunta de persoal ía acompañada dun escrito explicativo das intencionalidades das medidas. Na súa intervención anterior intentou explicar o que se pretendía con cada una das modificacións que ía nesta RPT, entende que está suficientemente motivada, xustificada e avalada polos participantes legais na negociación e considera que todo o mundo tivo a posibilidade de intervir.

Sinala que o modelo que se propón para a área de persoal non é novedoso, xa que a existencia de servizos de PAS e de profesorado figura na maioría das universidades españolas e elimina confusións. Para ordenar o proceso de tránsito do modelo actual ao que figura na RPT dáse un prazo ata outubro de 2006 e durante este período os representantes dos funcionarios recibirán suficiente información dos cambios que se pretenden facer. Nesta RPT hai postos suficientes que garanten para todos os funcionarios actuais unha praza e un posto de traballo idóneo, e no suposto de non existir habería a obriga de crealo.

Ábrese un turno de réplica.

O Sr. Velasco quere asegurarse de que todo o persoal afectado polos cambios van ter todas as garantías laborais. Cre que esta universidade é a de todos e todos queremos que mellore e aspira a que todas as decisións que se tomen se faga co máximo respecto e consenso. Entende que o acordo acadado entre a maioría da xunta de persoal e o xerente é legal pero gustaríalle seguir traballando na procura dun maior consenso e cre que estamos a tempo de solucionalo. Pide que esta RPT se argumente con datos obxectivos e que á persoa que lle desaparece a praza esta lle quede a extinguir, así mesmo roga que os salarios do xerente e do vicexerente sexan públicos. Indica que o seu sindicato leva traballando sempre por unha cultura de calidade e sabe que o reitor é un abandeirado neste terreo.

Remata a súa intervención insistindo en que nesta negociación debería estar todos non só a maioría e tamén os xefes de servizo xa que cre que ese enfrontamento entre o xerente e a maioría dos xefes de servizo non se debería dar.

O Sr. Rotea lamenta que os membros deste Consello de Goberno teñan que asistir a este debate, pide ao señor reitor que retire este punto da orde do día xa que non hai ningunha urxencia en aprobar hoxe esta RPT. Insiste en que a RPT non está xustificada e pide que se mellore e se complete este documento. Di que o Sr. Cebro defende o lexítimo dereito de negociación da xunta de persoal co xerente, pero no seu día presentou un recurso demandando para el un determinado posto de traballo o que iría en contra da RPT que se aprobara, considera que sendo presidente da xunta de persoal é inmoral acudir aos tribunais en lugar de negociar ese posto de traballo.

A Sra. Ángeles Carballo insiste en que fixo dúas preguntas ao Sr. Xerente e que non foron contestadas polo que as repite: ¿cáles son os criterios obxectivos que xustifican a supresión da praza de Coordinadora da Secretaría Xeral? e ¿qué criterios obxectivos se utilizaron para manter todas as prazas “a extinguir” e a da Secretaría Xeral se suprime? ¿qué causa xustifica esta discriminación?

O Sr. Basalo reitera a súa petición ao Consello de Goberno de que aprobe esta RPT supeditada ao informe do Consello Social. Di que hai un acordo do xerente coa xunta de persoal para resolver todas as dúbidas que aquí se suscitan e por iso se da un prazo de 6 meses para que se poida levar a cabo esta con todas as garantías para todos os funcionarios.

O Sr. Viña indica que hai moitas cousas que debían ser previas a aprobación desta RPT polo que non pode estar tranquilo ademais de non poder fiarse dun presidente de xunta de persoal que os ataca. Insiste en que os xefes de servizo non tiveron suficiente información, reafirmase en todo o exposto na súa primeira intervención e insiste nas mesmas preguntas.

A Sra. Hilda Iglesias indica que despois destas intervencións está aínda máis preocupada xa que non sabe moi ben cal é a solución a este tema, dubida sobre a existencia de diálogo aínda que se retrase. Propón a supresión do punto da orde do día e que volva á próxima sesión xunto co informe do consello social. Considera que non todo se debe resolver nos tribunais.

O profesor Legido referencia o acordo acadado entre a xerencia e a xunta de persoal e pensa que cara ao futuro as RPTs deberían ser independentes dos cambios nos equipos de goberno. Considera que o camiño adecuado é sempre na procura dun maior consenso polo que respecta os acordos entre a xunta de persoal e o xerente pero roga que traballen en prol de conseguir un maior consenso.

O Sr. Barreiro pide que conste en acta a súa abstención neste punto xa que se fixeron moitas preguntas e non foron contestadas.

O Sr. Cebro di que a política dos postos de traballo faina o equipo de goberno xunto co xerente e non os xefes de servizo, estes teñen que ser profesionais en xestionar e o equipo reitoral ten que solucionarlle os problemas.

Pide de novo ao Consello de Goberno que aprrobe esta RPT acordada e asinada entre a xunta de persoal e o xerente e ratificada polas asembleas de funcionarios.

Intervén o xerente indicando que recolle a vontade presentada polo Sr. Velasco no achegamento de posturas e lembra que neste acordo ábrese un prazo de seis meses para que a adaptación e asignación de postos derivados desta RPT se faga co rigor e seriedade e co consenso necesario.

En contestación ás preguntas da Sra. Ángeles Carballo di que hai dous postos que figuran “a extinguir” xa que os dous titulares dos mesmos están en comisión de servizos e por iso se lles reserva o posto, en relación coa praza creada de vicesecretario xeral cun perfil de licenciado en dereito xustifícase pola dimensión xurídica de moitos temas relacionados coa secretaría xeral e que requiren ese perfil.

Insiste en que na RPT que se presenta existen postos de traballo idóneos para que todos os funcionarios afectados teñan garantida unha praza idónea. Nas RPTs se crean, modifican e suprimen postos de traballo e a xunta de persoal e o xerente están obrigados a ter xenerosidade neste proceso de adaptación polo que solicita de CCOO a súa colaboración.

Indica que durante o mes de outubro (no que el estivo de baixa) o vicexerente reuniuse cos xefes de servizo e lles informou das modificacións que había dándolles garantías de xenerosidade e pedíndolles o seu concurso e asesoramento.

O Sr. Rotea insiste en que sigue sen darse explicacións sobre o procedemento e que nunca se reuniron co xerente, o día 4 de outubro foran informados das modificacións e da substitución polo vicexerente co que tiveron unha xuntanza para perdirlle información pero non contestou porque nada sabía. Considera que o posto de vicesecretario xeral debería ser tamén de libre designación e cese o mesmo que o secretario xeral.

O reitor di que estamos nun Consello de Goberno que ten a obriga de tomar decisións e tamén de facer chegar as mensaxes oportunas aos que teñan que chegar. Lembra que o acordo que se presenta non ven co consenso total pero si co da maioría, e feito este traballo o equipo de goberno ten que asumilo, non obstante, e dirixíndose ao Sr Xerente, dille que lle queda un regusto amargo en relación coa Sra. Ángeles Carballo xa que se mellora a praza pero a funcionaria que a ocupaba non a pode seguir ocupando porque non ten a titulación requirida, cre que isto representa o sentir dos membros presentes neste Consello de Goberno polo que traslada esta mensaxe á xunta de persoal e ao xerente para que o teñan en conta. Considera que o Sr. Velasco tivo unha segunda intervención maxistral sobre a mensaxe que se debe trasladar á xunta de persoal e ao xerente e solicita que se faga todo o posible para chegar a acordos.

En relación cos estatutos di que ademais do artigo 116, está o artigo 30 que fai referencia ás funcións do Consello Social e no que os apartados m) e n) din o seguinte:

30m) *“Emitir informe sobre o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos da universidade”*.

30 n) *“Emitir informe, con carácter previo á súa formalización, sobre os convenios colectivos do PDI contratado e do PAS en réxime laboral da universidade”*.

Cre que o noso estatuto foi moi claro na asignación de funcións ao Consello Social. Do artigo 116 parece deducirse que o informe do Consello Social sobre a RPT debe ser previo á súa aprobación polo Consello de Goberno, non obstante nas funcións do consello Social está perfectamente claro que ten que existir ese informe pero soamente se especifica o carácter “previo” para o convenio colectivo (artigo 30.n), no caso da RPT (artigo 30.m) non figura polo que non é necesario. Ao remate deste Consello de Goberno vai trasladar ao Consello social que convoque unha xuntanza para ter ese informe.

Remata indicando que o tema está suficientemente debatido polo que vaise proceder á votación do punto

O profesor Ezequiel Vázquez pregunta como queda exactamente a praza de Coordinadora da Secretaría Xeral.

O reitor di que o que se vai votar é exactamente o documento da RPT presentado e que obra en poder de todos os membros do Consello de Goberno pero que nese tema hai unha preocupación e trasládase esta mensaxe á xunta de persoal e ao xerente para a procura dunha solución.

Realízase a votación.

Votos a favor da RPT presentada	20
Votos en contra.....	0
Abstencións	8

Queda aprobada a relación de postos de traballo dos funcionarios de administración e servizos con efectos do 1 de outubro de 2006. (Anexo V)

Punto 7.- Aprobación, se procede, da Normativa de uso dos recursos informáticos e redes da Universidade de Vigo.

O vicerreitor de innovación e calidade informa de que a normativa que se presenta foi elaborada pola comisión proposta no Consello de Goberno de data 24 de novembro de 2005 polo que o documento que se presenta foi consensuado.

Apróbase por asentimento. (Anexo VI)

Punto 8.- Aprobación, se procede, do apoio loxístico, institucional e económico aos candidatos a reitor.

Propónse proporcionar un apoio económico ata unha cantidade máxima de 4.000 € por candidato e os gastos serán xustificadas ante o Consello de Goberno.

Así mesmo propónse facilitar un teléfono móbil e a utilización do coche oficial a cada candidato.

O profesor Ramos propón a posibilidade de dispoñer de algún local durante o período da campaña.

Apróbase por asentimento a ambas propostas.

Punto 9.- Aprobación, se procede, da fórmula de cálculo dos custos indirectos da Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento.

Punto 10.- Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

Apróbase por asentimento.

Punto 11.- Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio específico de colaboración coa Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Real Academia Galega – Convenio específico de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e o Consello da Cultura Galega – Convenio específico de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e o “Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades – Convenio específico de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña.

Apróbanse por asentimento.

Punto 12.- Rogos e preguntas.

O profesor Barreiro pregunta se é imprescindible que FEUGA faga soamente dous pagos ao ano á universidade para tramitar os pagos dos departamentos e se non sería máis razoable que se faga cada 60 ou 90 días. Así mesmo roga que as porterías do pavillón de Ourense se anclen ao chan.

En relación co primeiro o reitor di que hai que revisar o convenio que se ten con FEUGA e intentar resolvelo. Respecto ao segundo estudarase o que se pode facer.

O profesor Durany pregunta polos convenios para os posgraos interuniversitarios.

O reitor di que o Consello de Goberno delegou a sinatura no reitor e xa están todos asinados por parte desta universidade.

O profesor Sueiro pregunta se o plan concilia afecta ao PDI desta universidade.

O xerente di que este plan está adscrito soamente a administracións estatais. Na Universidade de Vigo aínda non se aplica pero estudarase.

O profesor Sánchez Bello pregunta sobre a utilización das tarxetas polos alumnos de primeiro curso e pola tardanza na emisión das actas deste cuadrimestre no seu centro.

Contesta o vicerreitor de innovación e calidade.

O profesor Nombela agradece ao reitor a defensa que fixo na comisión sobre o mantemento da titulación de Ciencias do Mar.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:30 horas do día 16 de marzo de 2006 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfe